



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS. AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS DE LUGO

Anuncio

Autorizado o correspondente pago de expropiacións dos terreos ocupados con motivo das obras de:

Obra: ADAPTACIÓN DA ESTRADA LU-231, FRIOL A BAIUCA, PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000-18+700 (ENLACE AUTOESTRADA A-54) AO PLAN DE BAIXA IMD MELLORADA, TREITO 0+000-9+400

Termo municipal: FRIOL

Clave: LU-16-075-10-01

Este servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas resolveu:

Sinalar a data de pago, segundo a relación de afectados que se achega.

Día: 9 de xullo de 2025

Lugo, 6 de xuño de 2025.- O xefe do servizo provincial da Axencia Galega de Infraestruturas, Gerardo Pallares Sánchez.

Expediente: 3140

Término municipal de:	FRIOL
Informe de direccións dos predios expropiados con motivo das obras:	Adaptación da estrada LU-231. Friol-A Baiuca, puntos quilométricos 0+000-18+700 (enlace autoestrada A-54) ao plan de baixa imd mellorada. _Treito 0+000-9+400
Clave:	LU-16-075-10-1

PREDIO/S	TITULAR	ENDEREZO
142CO	CESTEROS PEREZ CARLOS RODRIGUEZ COBAS ANGELINES	XUL - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)
140CO; 139CO; 132CO	RODRIGUEZ COBAS ANGELINES	XUL, 6 - CONDES. 27235 FRIOL (LUGO)

R. 1627

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

A Corporación Municipal do Concello de Baleira (Lugo), na sesión plenaria ordinaria do 04 de xuño do 2025 adoptou o acordo de aprobar o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario), para a execución das actuacións contempladas na memoria de Alcaldía incorporada ó expediente, financiado con cargo ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, polo importe total de doce mil trescentos oitenta e cinco euros con catorce céntimos (12.385,14 euros).

De conformidade co disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o expediente sométese ó trámite de información pública polo prazo de quince días hábiles, a contar desde o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que poida ser examinado e presentar as reclamacións que se estimen oportunas.

No caso de non presentarse reclamacións no citado prazo, o antedito acordo entenderase definitivamente adoptado.

Baleira, 7 de xuño de 2025.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1634

BARALLA

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do 12 de xuño de 2025 aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación para a formación de unha brigada de prevención e defensa contra incendios así como dous traballadores para actuacións de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de Baralla para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

- 1 xefe de brigada
- 1 peón-conductor
- 3 peóns de brigada
- 2 conductores de motobomba

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://baralla.sedelectronica.es>) e no taboleiro de edictos do Concello de Baralla.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

Baralla, 12 de xuño de 2025- O Alcalde, Miguel Piñeiro González.

R.1674

CASTROVERDE

Anuncio

APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO POR INCUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE DO EXERCICIO 2024

Téndose aprobado o plan económico financeiro, no pleno desta corporación na sesión ordinaria celebrada o 29 de maio de 2025, en cumprimento do establecido no artigo 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, faise público a aprobación deste para o seu xeral coñecemento, o cal estará a disposición das persoas interesadas na sede electrónica desta entidade local.

PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO 2025/2026 POR INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO NA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO EXERCICIO 2024 DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

I.- INTRODUCCIÓN

A elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos e ingresos das Entidades Locais someteranse aos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, de conformidade co establecido nos artigos 3, 4, 11,12 e 13 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF).

Entenderase por estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas a situación de equilibrio ou superávit estrutural. De acordo con o artigo 11 da LOEPSF ningunha Administración Pública poderá incorrer

en déficit estrutural, definido como déficit axustado do ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais, debendo manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

Igualmente deberase cumprir co principio de sustentabilidade financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido na LOEPFS, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

Finalmente avaliarase o cumprimento da regra de gasto, para os efectos de que a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto, publicada polo Ministerio de Economía e Facenda.

As Cortes Xerais aprobaron os obxectivos de estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto para o conxunto das Entidades Locais para o trienio 2024-2026, quedando fixado para o 2024 da forma seguinte:

- Obxectivo de estabilidade orzamentaria 2024: 0,00 en porcentaxe do PIB
- Obxectivo Débeda Pública 2024: 1,4 en porcentaxe do PIB
- Regra de Gasto 2024: 2,6 (% variación anual)

Mediante Decreto da Alcaldía nº 66 do 26 de febreiro de 2025, modificado o 18 de marzo mediante decreto de alcaldía nº 104, apróbase a liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024 do Concello. Con carácter previo a estas resolucións e logo das actuacións do peche contable, a intervención municipal elaborou o preceptivo informe correspondente ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite de débeda pública. Así mesmo remitiuse a información ao respecto ao Ministerio de Facenda mediante a aplicación informática habilitada ao efecto de portal das entidades locais coas seguintes conclusións:

RESULTADO DO INFORME DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DE GASTO E LÍMITE DE DÉBEDA.

A.- O resultado da avaliación do **OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA** no Proxecto de Liquidación do Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio 2024:

Capacidade/Necesidade de financiamento (en termos consolidados) = **74.893,98**

Resultado da avaliación: **CUMPRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA** (equilibrio ou superávit)

B.- O resultado da avaliación do **OBXECTIVO DE REGRA DE GASTO NO PROXECTO DE LIQUIDACIÓN** do Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio 2024

Resultado da avaliación: **CUMPRE O OBXECTIVO DE REGRA DE GASTO.**

C.- O resultado da avaliación do **OBXECTIVO DE LÍMITE DE DÉBEDA NO PROXECTO DE LIQUIDACIÓN** do Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio 2024 ascende a 0,00% dos ingresos correntes liquidado.

Resultado da avaliación: **CUMPRE O OBXECTIVO DE LIMITE DE DÉBEDA.**

O período medio de pago a provedores sitúase ao 31 de decembro de 2024 a 14 días.

Dispónse de aforro neto positivo resultante da liquidación de 2024, que permitirá atender o cumprimento das obrigacións de intereses e de carga financeira dos préstamos no caso de querer formalizar operacións de crédito.

1.- AVALIACIÓN DA ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA AXUSTADA		
CONCELLO DE CASTROVERDE		2024
1.-	Ingresos non Financeiros (DRN Cap. 1 a 7)	3.654.894,70
2.-	Gastos non Financeiros (ORN Cap. 1 a 7)	3.965.987,45
3.-	Superávit (+) ou déficit (-) non financeiro da Liquidación (1-2)	-311092,75
4.-	Axustes (SEC 95):	
	(-) Axustes Ppto de Gastos	0,00
	(+) Axustes Ppto de Ingresos	+ 385.986,73
5.-	Capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento (3+4)	(+) 74.893,98
	En Porcentaxe de ingresos non financeiros (5/1)	(+) 20,49 %

Resultado da avaliación: **CUMPRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA** (equilibrio ou superávit)

2.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO.

Conforme ao artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira temos que: “ A variación do gasto computable da Administración Central, as Comunidades Autónomas, e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española, e a continuación sinala que “ entenderase por gasto computable aos efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestación por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea e doutras Administracións Públicas e as transferencias ás Comunidades Autónomas e ás Corporacións Locais vinculadas aos sistemas de financiamento”

Este nivel de gasto computable inicial poderá logo aumentarse ou minorarse na contía resultante dos incrementos ou minoracións permanentes de recadación derivados de cambios normativos.

Para o cálculo do gasto computable, para o ano 2024, partiremos das obrigas recoñecidas da liquidación do exercicio anterior (exercicio 2023) nos seus capítulos I ao 7/empregos non financeiros, e practicaranse as operacións anteriores.

LIQUIDACIÓN 2023 (Cap 1 ao 7 deducidos gastos financeiros)	3.975.708,23
Axustes SEC	0
Gastos financiados con fondos finalistas 2023	1.506.598,70
Gasto computable exercicio 2023	2.469.109,53
Taxa de referencia de crecemento do PIB (2,6%)	64.196,85
Incrementos permanentes de recadación	0,00
LÍMITE REGRA DE GASTO EJERCICIO 2024	2.533.306,38
LIQUIDACIÓN 2024 (Cap 1 ao 7 deducidos gastos financeiros)	3.965.987,45
Axustes SEC	0
Gastos financiados con fondos finalistas 2023	1.360.129,78
Gasto computable exercicio 2023	2.605.857,67

Á vista dos datos anteriores, **NON SE CUMPRE CO OBXECTIVO DA REGRA DO GASTO**

3.- AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DA DO LÍMITE DA DÉBEDA

O art. 13 da dita Lei Orgánica 2/2012, establece a obriga de non superar o límite da débeda pública fixado no 1,8 do PIB. Dado que para a Administración Local non están establecidos – en termos de ingresos non financeiros- o obxectivo de límite de débeda para este ano, resultan os límites que establece o art. 53 do Texto refundido da Lei reguladora de Facendas Locais.

Este concello non ten operacións de préstamos na actualidade.

Resultado da avaliación: **CUMPRE O OBXECTIVO DE LÍMITE DE DÉBEDA.**

En definitiva, e á vista do anterior e tendo en conta os incumprimentos producidos na execución do orzamento do exercicio 2024, en aplicación do disposto na LOEPFS, procede a elaboración dun Plan Económico Financeiro que lle permita ao Concello no ano en curso (2025) e o seguinte (2026) o cumprimento dos obxectivos dea regra do gasto.

II. CONTIDO E TRAMITACIÓN

De acordo con o artigo 21 da LOEPFS, o plan económico-financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

As causas de incumprimento da regra de gasto.

As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extrapresupostarios nos que se contabilizarán.

As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de conformidade co previsto no informe a que fai referencia o apartado 5 do artigo 15

Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ademais, terase en conta igualmente o establecido no artigo 116.bis.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, o cal sinala como medidas adicionais ás anteriores:

- a) Supresión de competencias que exerza a entidade local que sexan distintas das propias e das exercidas po delegación
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a entidade local para reducir os seus custos
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a entidade local
- d) Racionalización organizativa
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio
- f) Proposta de fusión cun municipio colindante na mesma provincia

En canto á súa tramitación, conforme ao artigo 23 da LOEPSF, terase en conta a aplicación do seguinte calendario:

- a) Presentación do plan económico-financieiro ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento
- b) Aprobación polo Pleno Municipal no prazo máximo de dous meses desde a súa presentación.
- c) A do plan posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.
- d) Remisión do plan á Comunidade Autónoma así como á Comisión Nacional de Administración Local.
- e) Publicación do plan do meso xeito que se establece para os Presupostos da entidade.

III. SITUACIÓN ACTUAL

III.I Liquidación do Orzamento 2024

O Orzamento Xeral do Concello de Castroverde para o exercicio 2024 foi aprobado polo Pleno en sesión ordinaria de 30 de novembro de 2023.

O Orzamento Xeral da Corporación está integrado por:

Orzamento do Concello de Castroverde, que ascende nos seus estados de ingresos e gastos á cantidade de 3.127.690,59 €.

ESTADO DE INGRESOS

RESUME XERAL POR CAPÍTULOS
PREVISIÓNS INICIAIS

Capítulo	Importe
1	805.253,32
2	45.000
3	380.900
4	1.560.156,55
5	7.900
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.799.209,87
6	0
7	328.480,72
8	0
9	0

TOTAL OPERACIÓNS CAPITAL	328.480,72
TOTAL GASTOS	3.127.690,59

ESTADO DE GASTOS

RESUME XERAL POR CAPÍTULOS
PREVISIÓNS INICIAIS

Capítulo	Importe
1	673.643,21
2	1.980.266,00
3	0
4	79.406,46
5	0
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	2.733.315,67
6	379.774,92
7	14.600
8	0
9	0
TOTAL OPERACIÓNS CAPITAL	394.374,92
TOTAL INGRESOS	3.127.690,59

A liquidación do Orzamento Xeral do exercicio 2024 presenta as seguintes magnitudes:

RESULTADO ORZAMENTARIO

A) Dereitos recoñecidos netos	3.654.894,70
B) Obrigas recoñecidas netas	3.965.987,45
C) Resultado orzamentarios (A-B)	-311.092,75
D) Créditos gastados financiados con RT para gastos xerais	897.749,99
E) Desviacións de financiación negativas do exercicio	40.864,78
F) Desviacións de financiación positivas do exercicio	182.648,36
G) Resultado orzamentario axustado	+ 452.876,33

ESTADO DE REMANENTE DE TESOURERÍA

A) Fondos líquidos	1. 875.297,30
B) Dereitos pendentes de cobramento	729.228,45
C) Obrigas pendentes de pagamento	112.062
D) Remanente de tesourería total (A+B+C)	2.492.463,75
E) Saldos de dubidoso cobramento	158.815,19
F) Exceso de financiamento afectado	37.650,35
G) Remanente de tesourería para gastos xerais (D-E-F)	2.295.998,21

III.II Estabilidade orzamentaria

En canto á análise da estabilidade orzamentaria, o informe de Intervención de data 26 de febreiro de 2025 sinala, despois dos axustes, o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, ao contar cun superávit de financiamento de 74.893,98 euros de conformidade coas Dereitos/obligacións recoñecidas netas ao final do exercicio, máis/menos SEC.

A incidencia de cada unha das entidades que integran o Orzamento sobre o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, é de acordo con o seguinte:

ENTIDADE	SUPERÁVIT/DÉFICIT (€)
Concello	+ 74.893,98

De acordo con o adoptado polo Consello de Ministros, o obxectivo de estabilidade orzamentaria para as Corporacións locais no trienio 2024-2026 haberá de ser o equilibrio.

O resultado consolidado de estabilidade orzamentaria da Liquidación do exercicio 2024 é o seguinte: Os ingresos non financeiros do exercicio 2024 unha vez que se levaron a cabo os axustes necesarios, ascenden a unha contía de 3.654.894,70 e os gastos de natureza non financeira ascenden á cantidade de 3.965.987,45 polo que, unha vez aplicados os axustes procedentes, ao peche do exercicio 2024, a entidade mostra unha capacidade de financiamento POSITIVO de 74.893,98 €, atopándose por tanto nunha situación de estabilidade orzamentaria.

III.III. Aforro neto:

(+) Dereitos recoñecidos netos capítulos 1 a 5	2.903.974,59 €
(-) Obrigacións recoñecidas netas capítulos 1, 2 e 4	3.936.853,83 €
Anualidade teórica de amortización	0,00 €
Aforro Bruto	-1.032.879,24 €
(+) Obrigacións recoñecidas e financiadas con remanente líquido de tesouraría	+1.524.989,75 €
Aforro neto	+ 492.110,51 €

O aforro neto positivo indícanos que os ingresos correntes da Corporación Local son suficientes para facer fronte aos gastos correntes e ás amortizacións de capital dos préstamos concertados e, por outra banda, atópase por baixo do coeficiente do 75% da cociente legal de endebedamento.

De acordo con o anterior cómprese o principio de sustentabilidade financeira.

IV. INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

A nivel de entidades, ponse de manifesto o incumprimento da regra de gasto nos seguintes termos:

GASTO COMPUTABLE 2023	LÍMITE REGRA DE GASTO (2,6%)	GASTO COMPUTABLE 2024 (2)	DIFERENZA (1) -(2)
2.469.109,53	2.533.306,38	2.605.857,67	-72.551,29

V. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO

O incremento do gasto da Corporación con respecto ao exercicio anterior prodúcese como consecuencia, fundamentalmente, da incorporación de remanentes de crédito do exercicio 2023 ao 2024 das subvencións a asociacións veciñais por importe de 6.000 euros na aplicación orzamentaria 459.78 e da liquidación da aportación municipal da residencia de anciáns por importe de 53.483.75 euros á aplicación 231.46 e así no ano 2024 abonamos a liquidación da residencia do 2024 que ascende a 70.200 € e a do 2023 que como dixemos ascende a 53.483,75 €.

Ademais este concello recorre ao remanente de tesouraría para gastos que non pode demorar extraordinarios e urxentes e no ano 2023 usou 709.278,21 e no ano 2024 750.920,11 euros cunha diferenza de 41.641,90 euros

Sen desatender a obrigatoria aprobación do citado plan, é importante resaltar que a incorporación de remanentes analizada nunca non é causante dunha situación de déficit estrutural, xa que o financiamento empregado (remanente de tesouraría afectado) procede dos aforros orzamentarios do exercicio de peche que permiten a execución dos gastos afectados noutros exercicios sen necesidade de acudir aos ingresos non financeiros do exercicio ou á obtención de recursos financeiros achegados por terceiros.

A diferenza das cuestións analizadas que ascende a 101.125,65 euros xustifica o exceso do límite da regra do gasto.

VI. ANÁLISE DE SENSIBILIDADE CONSIDERANDO ESCENARIOS ECONÓMICOS ALTERNATIVOS.

A teor do sinalado no presente plan económico financeiro, non é necesario contemplar escenarios alternativos quedando garantida a sensibilidade financeira co exposto neste plan.

VII. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN.

O feito de liquidar o Orzamento do exercicio 2024 con incumprimento e regra de gasto determina a obrigaón de formular un plan económico financeiro, calquera que fose a causa deste incumprimento.

Primeira medida.- No caso de que as previsións orzamentarias para o ano 2025 contemplen a volta ao cumprimento da regra de gasto, non será necesario incorporar ningunha medida específica no plan, tan só a aprobación do Orzamento Xeral para o 2025 cumprindo cos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

Neste sentido, cabe dicir que o Orzamento da Corporación para o exercicio 2025 foi aprobado inicialmente por acordo plenario de 11 de decembro de 2024 cumprindo os principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto.

De acordo co publicado no Boletín Oficial das Cortes Xerais, o acordo do Goberno polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2025- 2027 e o límite de gasto non financeiro do Orzamento do Estado para o ano 2025, segundo o previsto na Lei, estableceu a taxa de referencia (taxa nominal) de crecemento da economía española, obtendo as seguintes magnitudes (% variación anual).

Taxa de referencia nominal

(% variación anual)

2025 2026 2027

3,2 3,3 3,4

Con todo, para aquelas administracións públicas que teñan un plan económico-financeiro en vigor, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida no devandito plan.

Para cumprir co anterior, as previsións, de acordo co plan orzamentario a medio prazo para o período 2025-2027 remitido ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas de acordo con o indicado no artigo 29 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira. deberían axustarse ao seguinte:

INGRESOS/GASTOS	ANO 2025	ANO 2026
Ingresos	3.228.831,41	3.228.831,41
Correntes	2.900.172,69	2.900.172,69
Capital	328.658,72	328.658,72
Financeiros		
Gastos	3.228.831,41	3.228.831,41
Correntes	2.850.839,53	2.905.606,32
Capital	377.991,88	323.225,09
Financeiros	0,00	0,00
Capacidade financiamento	0,00	0,00
Débeda viva a 31/12	0,00	0,00
Ratio débeda viva/ingresos correntes	0,00	0,00

En canto á regra de gasto, as previsións, de acordo con o orzamento aprobado son as seguintes:

Cálculo da Regla de Gasto (art. 12b de la Lei Orgánica 2/2012)	Liquidación 2024	Previsión liquidación 2025
EMPLEOS NO FINANCIEROS (SUMA DE CAP.1 A 7)	3.965.987,45	3.228.831,41
Intereses de la débeda (emisión y formalización)	0	0
Enaxenación de terreos y demais inversións reais	0	0

Inversións realizadas por conta da una adm. local	0	0
Execución de Avaes	0	0
Aportacións de Capital	0	0
Asunción o cancelación de débedas	0	0
Gastos realizados pendentes de Aplicar a presuposto	0	0
Adquisicións con pago aprazado	0	0
Pago a socios en el marco de asoc. Público-privadas	0	0
Arrendamento Financeiro	0	0
Préstamos	0	0
Axuste por inexecución	0	0
Axustes consolidación presupuestaria	0	0
Outros	0	0
Gastos financiados con fondos finalistas UE o AAPP	1.360.129,78	1.107.256,99
Inversións financeiramente sostibles	0	0
GASTO COMPUTABLE	2.605.857,67	2.121.574,42
Aumentos permanentes de recadación	0	0
Reducións permanentes de recadación	0	0
GASTO COMPUTABLE AJUSTADO	2.605.857,67	2.121.574,42

Como se pode comprobar, a execución do proxecto de orzamentos para o 2025 permitiría absorber, nun só exercicio, o efecto do desaxuste da regra do gasto na liquidación do exercicio 2024, e iso dentro dun escenario de gasto moi expansivo (o que permite, en caso de detectarse desviacións, limitar a execución orzamentaria)

Cabe apuntar, e aínda que deba tomarse coas debidas reservas, que o estado de execución do orzamento de gastos correspondente a 15 de maio, reflicte unha diminución no importe das obrigas recoñecidas netas de 211.062,97 euros.

Segunda medida.- Unha das razóns deste incumprimento foi computar no mesmo exercicio dúas anualidades da cota municipal dos gastos da residencia de anciáns debido a que no ano 2023 notificouse a finais de ano a aportación municipal e debido a que no orzamento non había suficiente crédito acudíuse a unha modificación orzamentaria. **A medida a adoptar é intentar imputar ao orzamento no ano no que se xera o gasto, pois se se houbera imputado ao ano 2023 non habería incumprimento.**

Terceira medida.- O uso do remanente de tesourería é outra das razóns que levan ao incumprimento da regra do gasto.

Estamos, polo tanto, en presenza dun **déficit conxuntural** e non estrutural e este concello, si ten, a xuízo desta intervención, a capacidade financeira para consumir aforros prudentes manifestados a través do remanente de tesourería, sen que por elo se vea afectado o cumprimento das regras fiscais establecidas na LOEPFS.

O remanente de tesourería ten natureza de aforro que xera unha entidade local, destacando a realidade desta contía ao proceder dos fondos líquidos, de forma que este aforro pode ser utilizado como fonte de financiamento de obrigas en exercicios posteriores naquel en que se obtivo.

Así, lonxe de admitir que o uso de remanente de tesourería por unha entidade local sexa determinante dunha situación de déficit estrutural, debe identificarse cunha situación de superávit orzamentario no momento da liquidación do orzamento, por canto é froito dun aforro que permitirá a esta entidade o financiamento de parte de gastos de outros exercicios sen ter que acudir a recursos financeiros aportados por terceiros ou a préstamos.

Se ben se procurará que o uso de remanente de tesourería se axuste para dar cumprimento á regra do gasto.

VII. CONCLUSIÓNS

1. Analizada a situación económica da Corporación derivada da liquidación do Orzamento de 2024, podemos afirmar que, en xeral, as magnitudes orzamentarias son claramente positivas.

2. Deste xeito dispónse de Remanente de Tesourería para Gastos Xerais e de aforro neto positivos e sen ningunha operación de préstamo que obrigue a destinar os aforros a minorar a débeda municipal.

3. Polo que se refire ao incumprimento da regra de gasto, que motiva a elaboración e aprobación do presente plan económico financeiro, derívase das causas que se detallaron no mesmo presentando como medidas de corrección a aprobación e execución dos Orzamentos dos exercicios 2025 e 2026, cumprindo cos principios de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto, imputar os gastos ao orzamento do ano no que se produce o mesmo e usar o remanente de tesourería tendo en conta o teito de gasto.

O plan Económico Financeiro publicarase no Boletín Oficial da Provincia a efectos soamente informativos e atoparase disposición dos interesados na páxina web oficial e nas oficinas do Concello desde a súa aprobación ata a finalización do período da súa vixencia.

Castroverde, 6 de xuño de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1637

Anuncio

INFORME DA COMISIÓN ESPECIAL DE CONTAS DA CONTA XERAL 2024 DO CONCELLO DE CASTROVERDE

Formada, rendida e informada pola Comisión Especial de Contas deste Concello, a conta xeral correspondente ao exercicio 2024, expónse ao público polo prazo de quince días, contados a partir do seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o dito prazo, os interesados poderán examinalas e formular as reclamacións, reparos ou observacións que teñan por convenientes, de conformidade co disposto no artigo 212 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Castroverde, 6 de xuño de 2025.- O alcalde, Xosé María Arias Fernández.

R. 1638

Anuncio

APROBACIÓN PROVISIONAL DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DE BEIRARRÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 29 de maio de 2025, acordou a aprobación provisional da imposición e da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos e carga e descarga de mercadorías de calquera clase do Concello de Castroverde

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a información pública polo prazo de TRINTA (30) DÍAS HÁBILES a contar dende o día seguinte á inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que as persoas interesadas poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera persoa interesada nas dependencias municipais e na sede electrónica (<https://concellocastroverde.sedelectronica.es/info.0>) para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De non presentarse reclamacións ou suxerencias no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Castroverde, 9 de xuño de 2025.- O Alcalde, D. Xosé María Arias Fernández.

R. 1639

Anuncio

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA DE CARÁCTER TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Por acordo da xunta de goberno local adoptado en sesión extraordinaria do día 11 de xuño de 2025 aprobáronse as bases e a convocatoria para a realización dun proceso selectivo, mediante concurso-oposición, para a ampliación da bolsa de emprego para o posto de traballador social, que textualmente di:

Tendo en conta as atribucións de alcaldía do artigo 21.1. da Lei de Bases de Réxime Local, e as competencias delegadas polo Sr. Alcalde-Presidente na Xunta de Goberno Local por Resolución de alcaldía de data 5 de xullo 2023.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA:

PRIMEIRO. Aprobar as Bases reguladoras das probas selectivas para o nomeamento de funcionario interino e formación e ampliación dunha bolsa de traballo de TRABALLADOR/A SOCIAL para posibles substitucións, vacacións ou cobertura de baixas, e vacantes entre outras circunstancias.

SEGUNDO. Publicar o texto íntegro das bases reguladoras das probas selectivas na no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica deste Concello e no Taboleiro de Anuncios e darlle maior difusión a través da páxina web e redes sociais.

BASES QUE REXERÁN O PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN PARA A AMPLIACIÓN DA BOLSA DE EMPREGO COMPLEMENTARIA DE CARÁCTER TEMPORAL DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a ampliación e formación dunha bolsa de traballo para o nomeamento como funcionario interino, no Concello de Castroverde na categoría de traballador/a social, ao obxecto de cubrir os correspondentes postos de traballo cando xurdan supostos de necesidade por razón de creación de novos servizos, xeración de vacantes, ausencia, enfermidades, substitución ou outras circunstancias temporais

As funcións levaranse a cabo no caso de vacante por renuncia, vacacións, licenzas, enfermidade, baixa médica e outras causas, do persoal que actualmente está contratado, así como de reforzo de dito servizo, no caso de ser necesario.

2. NORMATIVA APLICABLE.

Ao proceso selectivo seralle de aplicación o previsto no TREBEP. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 2/2015, do 29 de abril, do empregado público de Galicia.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley del Estatuto Básico del Empleado Público.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na Administración.
- Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

3. RÉXIME XURÍDICO.

O réxime xurídico da relación será de carácter funcionario interino, en réxime de dedicación a tempo completo ou parcial segundo se determine no nomeamento en base ás necesidade do servizo que o motiven.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos mínimos dos aspirantes ao proceso selectivo, en aplicación do artigo 56 do TREBEP:

- 1.-Ter cumpridos os 16 anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación forzosa.

2.-Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea ou de calquera daqueles estados aos que, en virtude de tratados internacionais, realizados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos establecidos na normativa vixente.

3.- Estar en posesión do título de diplomatura universitaria ou grao de traballo social.

4.-Non padecer enfermidade ou defecto psíquico ou físico que impida ou dificulte o desempeño das correspondentes funcións.

5.- Non atoparse separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios, no que tivese sido separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

6.-Non estar incurso en causas de incompatibilidade ou de incapacidade de conformidade co disposto na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

7.-Certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, en virtude do artigo 57 da Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño

Todos os requisitos relacionados con anterioridade posuíranse polo/a aspirante no momento de rematar o prazo de presentación de instancias, debendo de continuar en posesión dos mesmos ata o momento do nomeamento

5. PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS.

5.1.- Aquelas persoas interesadas en participar neste proceso selectivo deberán presentar instancia dirixida ao Alcalde do Concello de Castroverde por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados desde o día seguinte ao da publicación das bases no BOP de Lugo, no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Castroverde e na páxina web (<https://concellodecastroverde.gal>).

O acceso ao rexistro electrónico realizarase a través da páxina web sinalada no parágrafo anterior e con enderezo postal na oficina de asistencia en materia de rexistros sito na Praza do Concello, 2, 27.120, Castroverde (Lugo).

As instancias tamén poderán presentarse a través do procedemento previsto no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.2.- As instancias deberán axustarse ao modelo oficial que figura como Anexo I das presentes bases e estará a disposición das persoas interesadas no Rexistro Xeral do Concello de Castroverde e na páxina web (<https://concellodecastroverde.gal>), onde se incluírá que a/o solicitante reúne todos e cada un dos requisitos enumerados nas presentes bases.

5.3.- A instancia debe ir acompañada dos seguintes documentos:

- Copia simple do DNI
- Copia simple da titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta.
- Certificado negativo de delitos sexuais.
- Copia autentica de acreditación de coñecemento de lingua galega para exención da realización de proba de galego (CELGA 4 ou equivalente)
- Copia autentica dos documentos que serven de proba para a xustificación dos méritos que se alegan para a súa valoración
- Documentación acreditativa da discapacidade, de ser o caso, especificando as adaptación que sexan solicitadas para a realización da fase de oposición

6. ADMISIÓN DE ASPIRANTES.

1.- Unha vez que remate o prazo de presentación de instancias publicarase a relación provisional de aspirantes admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>).

Contra esta relación os interesados poderán formular ou emendar os erros no prazo de cinco (5) días hábiles dende a súa publicación no taboleiro de edictos do concello e na páxina web (<https://concellodecastroverde.gal>).

No caso de que non se presentaran reclamacións contra a listaxe provisional, ou que non houbera ningún aspirante excluído, entenderase esta coma definitiva.

2.- As reclamacións presentadas serán resoltas pola Alcaldía e publicaranse a listaxe definitiva no Taboleiro de Anuncios do Concello e na paxina web municipal (<https://concellodecastroverde.gal>).

3.- No anuncio de aprobación da relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos será sinalado o lugar, data e hora e a composición do Tribunal Cualificador, debendo transcorrer polo menos dous (días) hábiles entre a publicación e a data de realización da valoración de méritos e probas

As restantes notificacións que se realicen durante a tramitación deste proceso de selección publicaranse na páxina web do Concello (<https://concellodecastroverde.gal>) e no Taboleiro de Anuncios do Concello.

7. TRIBUNAL CUALIFICADOR.

O Tribunal Cualificador do Proceso Selectivo designarase de conformidade co disposto no artigo 60 do TREBEP e estará composto polos seguintes membros:

- Presidenta/e: Un funcionario que se designe polo Alcalde.
- Tres (3) vogais designados pola Alcaldía.
- Secretaria/o: Un funcionario que se designe polo Alcalde.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes).

En todo caso, será precisa a asistencia do presidente e do secretario, ou quen legalmente os substitúa.

Todos os membros do tribunal cualificador actuarán con voz e voto, agás o/a Secretario/a, que non terá voto nas sesións do tribunal.

As decisións do tribunal cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, co voto de calidade do seu presidente.

O tribunal poderá dispoñer da incorporación de asesores e especialistas para as probas que estime pertinentes, e estes, que actuarán con voz pero sen voto, limitaranse unicamente ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base ás que, exclusivamente, colaborarán co órgano de selección

O tribunal cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

8. PROCESO SELECTIVO.

O procedemento de selección para a creación da Bolsa de emprego para os nomeamentos como funcionarios interinos, na categoría de traballador/a social, constará das seguintes fases:

- Fase Primeira: Oposición
- Fase Segunda: Concurso de méritos.

FASE DE OPOSICIÓN (MÁXIMO 40 PUNTOS).

A fase de oposición consistirá na realización de un exercicio obrigatorio e eliminatorio, cunha puntuación máxima de 40 puntos.

1º EXERCICIO: EXAME TEÓRICO TIPO TEST. Carácter obrigatorio e eliminatorio Consistirá no desenvolvemento dun exame tipo test de entre os temas incluídos no ANEXO II de 40 preguntas con tres respostas alternativas, das que unicamente unha é correcta, durante un prazo máximo de 60 minutos. Cada resposta correcta terá un valor de un punto, descontando 0,25 por resposta incorrecta e non puntuando as respostas sen contestar ou en branco.

2º EXERCICIO: PROBA DE COÑECEMENTO DE GALEGO. Carácter obrigatorio e eliminatorio para aqueles aspirantes que non acrediten antes da súa realización estar en posesión do título de CELGA 4 ou equivalente. Consistirá na tradución escrita dun texto de contido administrativo de castelán ao galego nun tempo máximo de 30 minutos. O texto non poderá ter mais de 150 palabras, sendo cualificados como non aptos aqueles aspirantes que teñan 20 erros ou mais (tanto na tradución, como de gramática como de acentuación). Este exercicio será cualificado de apto ou non apto, sendo eliminados aqueles aspirantes que non sexan declarados aptos.

FASE DE CONCURSO DE MÉRITOS (MÁXIMO 20 PUNTOS).

Os méritos a que se fai referencia neste baremo deberanse posuír na data en que remate o prazo de presentación de instancias, computándose, en calquera caso, ata dita data, sendo valorados así mesmo só os que se aleguen e xustifiquen documentalmente coa presentación da instancia

A.EXPERIENCIA PROFESIONAL: ata un máximo de 10 puntos

Por servizos prestados como traballador ou traballadora social na Administración Pública, ben sexa mediante relación funcionarial ou laboral

Máximo 10 puntos.0,20 puntos/mes

Se a xornada de traballo é inferior ao 100%, a puntuación da vida laboral, a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas, non sendo obxecto de valoración o tempo de traballo alegado onde non se especifique a xornada prestada.

Para acreditar os servizos prestados é imprescindible a presentación da vida laboral xunto aos contratos de traballo ou certificados expedidos pola Administración Pública, na que quede totalmente acreditada a prestación dos servizos especificando o tipo de posto de traballo e duración dos mesmo así como as funcións desempeñadas

En calquera caso a ausencia total ou parcial de documentación acreditativa dos méritos dará lugar a que o tribunal non valore os mesmos.

Se o tribunal precisa unha aclaración ou matización dalgún extremo do certificado poderá solicitar aos aspirantes que aporten o correspondente certificado.

B.MÉRITOS ACADÉMICOS: FORMACIÓN ate un máximo de 10 puntos.

Por cursos e accións formativas directamente relacionados cos Servizos Sociais impartidos ou financiados polas Administracións públicas ou por organismos dependentes delas, por Universidades, Colexios Profesionais, sindicatos ou por centros homologados para formación:

- Cursos de 100 horas ou mais 0,40puntos/hora
- Cursos de 50 a 99 horas. 0,20 puntos/hora
- Cursos de 10 a 49 horas. 0,10 puntos/hora

Soamente serán valorados aqueles cursos realizados nos últimos 10 anos.

No suposto de que na acreditación dos cursos non figure o número de horas, estes non serán valorados.

O tribunal comprobará os méritos e a documentación esixida para a súa valoración nesta fase de concurso.

9. RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

A puntuación total dos participantes virá determinada, pola suma dos puntos obtidos na fase de concurso oposición, cunha puntuación máxima de sesenta (60) puntos.

En caso de empate, terán preferencia os participantes que obteñan a maior puntuación no apartado de oposición, logo o que maior puntuación teña na parte de experiencia e por último nos cursos. Se persiste o empate, resolverase mediante sorteo público.

O tribunal publicará a relación de aprobados por orde de puntuación no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web do Concello (<https://concellodecastroverde.gal>), e elevará dita relación ao órgano municipal competente, quen aprobará a relación de candidatos que superaron o concurso-oposición e a súa orde de prelación aos efectos da formación da bolsa de emprego.

Os/As candidatos/as seleccionados deberán presentar, con carácter previo á sinatura da toma de posesión e no caso de que o concello lle ofrezca un posto de traballo, un certificado médico no que conste que a persoa non padece enfermidade ou defecto que lle impida a realización das tarefas propias do posto operaria/o de limpeza de edificios así como a copia auténtica do DNI e do título académico.

10. REGLAS DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

Cos candidatos que superasen o concurso-oposición formarase unha listaxe por orde de puntuación total obtida neste proceso selectivo, que será empregada para o chamamento de candidatos para a realización de substitucións por vacacións, incapacidades temporais e outras análogas ao obxecto de cubrir os correspondentes postos de traballo cando xurdan supostos de necesidade por razón de creación de novos servizos, xeración de vacantes, ausencia, enfermidades, substitución ou outras circunstancias

Esta listaxe será complementaria a bolsa aprobada por decreto número 2022-0110 decreto aprobación listaxe traballador social do Concello de Castroverde fusionándose nunha única lista, que será a lista que conforme o total da bolsa. Volverase a facer o chamamento unha vez aprobada a lista única que se rexerá polas seguintes regras:

1ª-O chamamento realizarse telefonicamente. A/o funcionaria/o que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta, así coma o sentido desta.

Unha vez realizado o intento de localización por medio da comunicación telefónica, se non fose posible o contacto en vinte e catro horas acudirase a persoa seguinte. A comunicación telefónica, realizarase un mínimo de tres intentos de contacto entre as 9:00 e as 14:00 horas, cun intervalo de cincuenta minutos entre cada chamada.

A persoa integrante da Bolsa que reciba proposta de traballo, nos termos descritos anteriormente, deberá proceder a aceptación ou rexeitamento da mesma, nun período máximo de 2 horas, salvo que por circunstancias excepcionais ou de forza maior.

2ª-Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación, non se presentasen, renunciases sen causa xustificada ou que renunciases a continuar desempeñando un posto para o que fosen contratados en aplicación destas bases, non dará lugar exclusión da Bolsa de Emprego, pero ocasionará un cambio de lugar do posto, dentro da mesma, pasando a ocupar o último posto como integrante da Bolsa.

Consideraranse como causa xustificada para a renuncia ao chamamento as seguintes:

A) Estar desenvolvendo un traballo remunerado en virtude de relación laboral ou funcional nas datas para as que se efectúa o chamamento no Concello de Castroverde.

B) Estar cursando estudos cuxo horario lectivo sexa incompatible co do posto para o que se efectúa.

C) Atoparse en situación de incapacidade temporal que impida o desenvolvemento das tarefas propias do posto de traballo.

D) Atoparse, en caso de maternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo), ou, en caso de paternidade, dentro das 16 semanas seguintes ao nacemento, adopción ou acollemento (período que se ampliará en 2 semanas mais por cada fillo a partires do segundo).

E) Estar en situación de Suspensión por accidente, baixa por enfermidade, intervención quirúrgica, internamento hospitalario, maternidade, embarazo de alto risco e situación de risco ou necesidade acreditada polo facultativo que esixa a lactancia natural de menores de nove meses. A acreditación documentada da finalización de tal circunstancia dará lugar a reposición no mesmo lugar da orde da lista.

F) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo. Finalizado o contrato de traballo, o aspirante reintegrarase automaticamente na bolsa na mesma posición u orde na que se atopaba.

O candidato deberá acreditar documentalmente a efectiva concorrencia da causa que alegue para renunciar ao chamamento.

3ª-Unha vez comparecera o/a aspirante chamado segundo o orde da bolsa de traballo, procederase ao seu nomeamento para o desempeño do posto de traballo correspondente.

O cese producirase polo órgano competente cando aconteza a causa de extinción do contrato de traballo ou cando se produzan algún dos supostos previsto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

4.ª-A bolsa de traballo extinguirase unha vez transcorridos tres (3) anos, a contar desde a data da constitución da relación de persoas que integren a presente listaxe de emprego temporal, ou por derogación expresa polo órgano competente do Concello de Castroverde.

A duración da mesma poderá prorrogarse mediante resolución de Alcaldía, xustificando a mesma.

Tódalas contratacións de persoal mediante nomemento de duración determinada que se realicen polo Concello para os postos e funcións contempladas nestas Bases deberán realizarse empregando esta Bolsa de emprego. Soamente poderá prescindirse dela cando a aplicación doutra norma de rango legal ou regulamentario impona a utilización dun procedemento de selección diferente, ou a existencia de requisitos ou a valoración doutros criterios de selección diferentes ós destas Bases.

11. IMPUGNACIÓN.

As presentes bases e a súa convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Así mesmo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes contra as presentes Bases, de acordo aos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015 previo á vía xurisdiccional contencioso-administrativa, na que se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo previsto na Lei 29/1998 de 13 de xullo, no prazo de dous meses, que se contarán a partir do día seguinte á publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Castroverde, 11 de xuño de 2025.- O Alcalde, Xosé María Arias Fernández.

ANEXO I: SOLICITUDE**SELECCIÓN DE PERSOAL PARA BOLSA DE EMPREGO COMO FUNCIONARIO INTERINO.**

DATOS DO EMPREGO QUE SOLICITO	
DENOMINACIÓN:	TRABALLADOR/A SOCIAL
RÉXIME XURÍDICO:	FUNCIONARIO Escala Administración Especial, Subescala técnicos medios. Subgrupo de clasificación profesional A2.
Data da Publicación da Convocatoria no BOP:	

DATOS PERSOAIS		
PRIMEIRO APELIDO:	SEGUNDO APELIDO:	NOME:
DNI:	TELÉFONO DE CONTACTO PARA OS CHAMAMENTOS:	
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIONES		
ENDEREZO:		MUNICIPIO:
CÓDIGO POSTAL:	PROVINCIA:	CORREO ELECTRÓNICO:

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da apertura do prazo de presentación de instancias da BOLSA DE TRABALLO PARA COBERTURA INTERINA DO POSTO DE TRABALLADOR/A SOCIAL DO CONCELLO DE CASTROVERDE.

DECLARO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases da convocatoria:

- Ter nacionalidade española, ou estar nalgún dos supostos establecidos no artigo 57 do RDL. 5/2015, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Ter cumpridos 16 anos de idade e non exceder da idade máxima establecida para a xubilación forzosa.
- Estar en posesión da titulación esixida nas Bases da convocatoria na data na que finaliza o prazo de presentación de solicitudes.
- Posuír a capacidade física e psíquica necesaria para o exercicio das funcións correspondentes ao posto de traballador social, Escala Administración Especial, Subescala técnicos medios, subgrupo de clasificación profesional A2.
- Certificado negativo de delitos sexuais

E efectuando pola presente Declaración responsable da exactitude e veracidade da copia da documentación que se aporta xunto á presente:

- ☐ Copia simple do DNI
- ☐ Copia simple da titulación establecida como requisito de acceso na categoría á que opta.
- ☐ Copia auténtica de acreditación de coñecemento de lingua galega para exención da realización de proba de galego (CELGA 4 ou equivalente)
- ☐ copia auténtica dos documentos que serven de proba para a xustificación dos méritos que se alegan para a súa valoración
- ☐ Acreditación da discapacidade, de ser o caso.
- ☐ Certificado negativo de delitos sexuais.

Por todo o exposto **SOLICITA**:

- Ser admitido para participar no procedemento selectivo para conformar os integrantes dunha bolsa de emprego coa finalidade do seu nomeamento, cando se faga necesaria, como traballador/a social, Escala Administración Especial, Subescala técnicos medios. Subgrupo de clasificación profesional A2.

Manifesto a miña vontade de facer o exame no idioma:

- ☐ Galego
- ☐ Castelán

En Castroverde, de de 2025

Asinado

De acordo co establecido no Regulamento UE 2016/679 de Protección de Datos Persoais (RXPDP), informámoslle que o responsable do tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Castroverde, con enderezo na Praza do Concello, nº 2, CP 27120, en Castroverde (Lugo). A lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais é o consentimento expreso e explícito que nos outorga mediante a firma do presente documento. Os seus datos persoais serán empregados para a correcta xestión da actividade na que se inscribe, facturación e cobro do servizo, así como para a xestión administrativa e contable derivada da actividade solicitada. Os seus datos non se cederán a terceiros, salvo que exista unha obriga legal. Vostede ten dereito a acceder, rectificar ou suprimilos seus datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional e detallada de protección de datos, que pode consultar nas oficinas do concello sitas no enderezo enriba indicado ou ben solicitándoa no enderezo electrónico: info@concellodecastroverde.com

AO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CASTROVERDE

ANEXO II: TEMARIO

1. Lei 13/2008, do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia.
2. Lei 39/2006, de 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención a persoas en situación de dependencia.
3. DECRETO 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, o uso e o acceso á Historia Social Única Electrónica
4. DECRETO 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.
5. Orde do 22 de Xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.
6. Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para la igualdad efectiva de mujeres y hombres.
7. Lei Orgánica 1/2004, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género.

R. 1664

COSPEITO*Anuncio*

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 5 de xuño de 2025, o expediente de transferencia de crédito entre partidas de distinta área de gasto, co seguinte detalle:

1.I. Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
333	22799	Outros traballos realizados por outras empresas	2.700,00 €	18.432,40 €	21.132,40 €
		TOTAL	2.700,00 €	18.432,40 €	21.132,40 €

1.II. Financiamento

Esta modificación finánciase con cargo a unha transferencia de crédito que non altera a contía total ou parcial do orzamento do xeito que a continuación se detalla:

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Créditos definitivos	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica					
920	12004	Sueldos grupo C2	20.751,00 €	4.751,00 €	4.000,00 €	751,00 €
920	12100	Complemento de destino	44.611,37 €	34.611,37 €	3.000,00 €	31.611,37 €
920	12101	Complemento específico	72.031,67 €	63.031,67 €	2.000,00 €	61.031,67 €
453	21300	Reparación de maquinaria	14.000,00 €	14.000,00 €	9.432,40 €	4.567,60 €
		TOTAL	151.394,04 €	116.394,04 €	18.432,04 €	97.961,64 €

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, expónse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artigo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivos taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexistro Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo

inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 9 de xuño de 2025.- O alcalde, don Armando Castosa Alvaríño.

R. 1640

Anuncio

Aprobado polo Pleno da Corporación Municipal de Cospeito (Lugo), en sesión celebrada o 5 de xuño de 2025, o expediente de crédito extraordinario co seguinte detalle:

Altas en aplicacións de gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
231	62300	Maquinaria, instalación técnicas e utillaxe	0,00	567,60 €	567,60 €
		TOTAL		567,60 €	567,60 €

Esta modificación finánciase con cargo a anulacións ou baixas de créditos doutras aplicacións, nos seguintes termos:

Baixas ou Anulacións en Partidas de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Crédito dispoñible	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica					
453	21300	Reparación maquinaria, instalación e utillaxe	14.000,00 €	771,11 €	567,60 €	203,51 €
		TOTAL BAIXAS	14.000,00 €	771,11 €	567,60 €	203,51 €

En cumprimento do disposto nos artigos 179 y 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e 40, 41 e 42 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, exponse ó público na Secretaría Municipal deste Concello por un período de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Durante o referido prazo os interesados lexitimados, segundo o previsto no artículo 170.1 da citada Lei de Facendas Locais e por algún dos motivo taxativamente enumerados no número 2 de dito artigo 170, poderán presentar reclamacións no Rexisto Xeral do Concello de Cospeito ante o Pleno da Corporación. O acordo inicial elevarase automaticamente a definitivo se no citado prazo non se presentara reclamación o suxerencia algunha; en caso contrario o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

Cospeito, 9 de xuño de 2025.- O alcalde, don Armando Castosa Alvaríño.

R. 1641

LOURENZÁ

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO

Padrón fiscal do Servizo de XIMNASIO MUNICIPAL (utilización de outras dependencias deportivas municipais) do mes de **ABRIL** de 2025

EDICTO

De conformidade co establecido no artº 102.3 da Lei 58/2003, xeral tributaria, do 17 de decembro, notifícase colectivamente a liquidación da taxa polo servizo de ximnasio municipal (utilización de outras dependencias deportivas municipais) correspondente ao mes de FEBREIRO de 2025.

O expediente poderá ser consultado polos interesados nas dependencias do servizo de deportes do Concello de Lourenzá, durante o prazo de 15 días a contar dende a publicación deste anuncio no BOP de Lugo.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se considere procedente. Todo iso, en virtude do establecido no artº 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co establecido nos artº 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recaudación, aprobado por R.D. 939/2002, do 29 de xullo comunícase como PRAZO, LUGAR E FORMA DE PAGO:

O prazo de cobro, en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles debidos na entidade bancaria que a persoa usuaria estableceu para o seu efecto .

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do taxa serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

Lourenzá, 5 de maio de 2025.- O alcalde en funcións, D. Javier Huertas Otero.

R. 1456

MONDOÑEDO

Anuncio

A Alcaldía deste Concello ditou a Resolución núm. 2025-0176, o día 12 de xuño de 2025, que literalmente di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

CONVOCATORIA E BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE 2 SOCORRISTAS PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS

A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes publicou a Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 30, do 13 de febreiro de 2025).

Este Concello solicitou, o día 7 de marzo de 2025 unha subvención, para a contratación de 2 socorristas, a xornada completa, por un período de dous meses, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto de 2025, para a obra/servizo denominada Socorrismo Acuático ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento en instalacións acuáticas descubertas.

Logo de recibir a notificación da Resolución de Concesión de Subvención, do Director Xeral de Emerxencias e Interior do 5 de xuño de 2025, na que se contempla a concesión de unha subvención para cubrir o 50% dos gastos de dous socorristas para as piscinas municipais de Mondoñedo, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto de 2025.

Así estímase oportuna, a contratación de 2 socorristas a xornada completa durante 2 meses, a xornada completa, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto, con cargo a esta subvención, en réxime laboral temporal, a xornada completa, de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente.

Existe a urxente necesidade de contar con persoal especializado nas tarefas de socorrismo de cara á apertura ao público das piscinas municipais deste concello no período comprendido entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de 2025.

O alcalde-presidente, asina unha providencia que incoa este expediente, así como unha memoria que xustifica a necesidade inaprazable, urxencia, necesidade e prioridade de realizar este proceso selectivo.

Considerando a Lexislación en materia de selección de persoas comprendida na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia, Real decreto 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado público, o Texto Refundido do Estatuto dos traballadores aprobado por RDL 2/2015, do 23 de outubro, e demais disposicións aplicables, e tendo en conta que se considera servizo prioritario, en virtude de acordo plenario de data 13 de maio de 2016, e debido a motivos de interese público e a que o

inicio deste servizo debe ser inminente, para abrir as piscinas municipais ao público o 1 de xullo de 2025 e ante a imposibilidade de convocar unha Xunta de Goberno Local, o Alcalde en virtude das facultades conferidas pola lexislación vixente,

RESOLVE:

Primeiro.- Avogar a competencia de forma puntual co obxecto de realizar unha convocatoria para selección e posterior contratación de dous empregos de socorrista acuático para as piscinas municipais do Excmo. Concello de Mondoñedo, por un período de 2 meses, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto, a xornada completa, de luns a domingo cos descansos establecidos pola lexislación vixente

Segundo.- Aprobar as bases que rexerán esta convocatoria que se xuntan como anexo ao expediente.

Terceiro.- Realizar a convocatoria mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Cuarto.- Dar conta da presente Resolución na vindeira Xunta de Goberno Local, que se celebre.

Mondoñedo, 12 de xuño de 2025.- O alcalde-presidente, Manuel Ángel Otero Legide. Ante min, a secretaria-interventora accidental, María Concepción Crespo González.

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN DE DOUS EMPREGOS DE CARÁCTER LABORAL TEMPORAL DE SOCORRISTA PARA AS PISCINAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONDOÑEDO AO ABEIRO DA ORDE DO 27 DE XANEIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIONÍS PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO NAS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS DESCUBERTAS

PRIMEIRA.— OBXECTO

Esta convocatoria ten por obxecto a selección e posterior contratación de carácter laboral temporal a tempo completo, contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego, de DOUS EMPREGOS de SOCORRISTA **por un período de 2 meses, desde o 1 de xullo e ata o 31 de agosto** mediante o sistema de **CONCURSO-OPOSICIÓN**.

A xornada de traballo será xornada completa, de luns a domingo, cos descansos establecidos legalmente.

Inicialmente o horario de apertura das piscinas municipais será de 12 a 20 h, aínda que pode modificarse en función das necesidades do servizo.

Baixo a coordinación do Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, as persoas seleccionadas desempeñarán as súas funcións que serán a da prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nas piscinas descubertas municipais, así como aqueloutras funcións que lle encomende o Alcalde-Presidente ou o concelleiro delegado da área.

O contrato será o vinculado a programas de políticas activas de emprego, de acordo co establecido na Disposición adicional novena da Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Emprego, e ao abeiro da Orde do 27 de xaneiro de 2025, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 30, do 13 de febreiro de 2025), a través da que se solicitou e se concedeu unha subvención para a contratación de 2 socorristas, por un período de 2 meses para o servizo denominado Socorrismo Acuático.

Salario bruto mensual que inclúe a parte proporcional da paga extraordinaria:

- SOCORRISTA: 1.750,00 €/mes

Por tanto, no parágrafo anterior reflíctese a retribución bruta mensual, incluída a Parte Proporcional da Paga Extraordinaria, aínda que o soldo aboarase mensualmente, e a parte proporcional da paga extraordinaria, en relación ao tempo traballado, de ser o caso, no mes de xuño, decembro e/ou á finalización do contrato.

SEGUNDA.— NORMATIVA APLICABLE

A este proceso selectivo de CONCURSO-OPOSICIÓN, no non previsto nas presentes bases, resultará de aplicación o TREBEP, aprobado polo Real decreto 5/2015, do 30 de outubro. Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente e que non se opoñan ao disposto no TREBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas de Reforma para a Función Pública.
- Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.

- Decreto 364/1995, do 10 de marzo, que aproba o Regulamento Xeral de Ingreso de Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública.
- Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Decreto 35/2017, do 30 de marzo, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas acuáticos e se crea e se regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 63/2021, do 22 de abril, polo que se modifica o Decreto 104/2012, do 16 de marzo, polo que se fixa a formación mínima dos socorristas de Galicia e se crea e regula o Rexistro Profesional de Socorristas Acuáticos de Galicia.
- Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Real decreto-lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo.
- Decreto 43/2023, do 4 de maio, polo que se modifica o Decreto 152/2021, do 21 de outubro, polo que se regulan as condicións para o exercicio profesional das actividades de socorrismo acuático, información e primeiros auxilios nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades locais de Galicia, en réxime de concorrència competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025.
- Demais disposicións aplicables.

TERCEIRA.— REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. REQUISITOS XERAIS: Con carácter xeral os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

- a) Ser español ou nacional doutros estados nos termos do artigo 56 e 57 do Texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos.
- d) Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban, no que fora separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público. Non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual en cumprimento da Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e a Lei 45/2015, de voluntariado establecen a obrigaçión de que se acheguen certificados negativos do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais para todos os profesionais e voluntarios que traballan en contacto habitual con menores.
- e) Posuír o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia ou obter a cualificación de apto na proba de galego que forma parte da fase de oposición.
- f) Carecer de antecedentes no Rexistro Central de delincuentes sexuais.

2. REQUISITOS ESPECÍFICOS:

Por tratarse de contratos subvencionados pola Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, segundo a Orde do 27 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións a entidades

locais de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, para a prestación do servizo de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais e instalacións acuáticas descubertas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, os traballadores deben cumprir os seguintes requisitos:

1.- As persoas traballadoras que se contraten para a prestación dos servizos, deberán ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo vinculado a políticas activas de emprego.

2.- En todo caso, as persoas destinadas á prestación dos servizos de vixilancia, rescate e salvamento deberán estar inscritas, antes do inicio do período subvencionable, no Rexistro Profesional do Persoal de Socorrismo, Información e Primeiros Auxilios de Galicia (Socorrista en Instalacións Acuáticas). De tratarse de persoal contratado, este requisito deberá cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

CUARTA.—SOLICITUDES

1.— As persoas que desexen tomar parte no proceso selectivo convocado, deberano facer constar mediante unha instancia, modelo Anexo I, dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello, na que manifestarán, ademais dos datos persoais co enderezo, a denominación do emprego convocado ao que optan e que reúnen todos e cada un dos requisitos da presente convocatoria.

Os aspirantes que padezan minusvalía deberán facelo constar expresamente na instancia.

2.— O prazo de presentación de instancias será de **cinco días hábiles**, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día de prazo sexa inhábil, este finalizará o vindeiro día hábil seguinte.

3.—As instancias deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Mondoñedo ou mediante algunha das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Cómpre que o Concello teña constancia da presentación desta documentación no prazo en que remata o día de presentación de instancias.

A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

.- Fotocopia do Documento Nacional de Identidade, compulsada por ámbalas caras.

.- Fotocopia compulsada da notificación da resolución do rexistro profesional de socorristas ou habilitación profesional de socorrista, ambos en instalacións acuáticas, da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP).

.- Fotocopia do certificado Celga 2 ou equivalente homologado.

.- Coa fin de comprobar o requisito de que os/as candidatos/as deben ser, persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego, os/as candidatos/as deberán presentar Informe de situación administrativa ou documento análogo do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite que é demandante non ocupado e está dispoñible para o emprego .

.- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida exercer-la función propia de Socorrista en Instalacións Acuáticas ou calquera das probas físicas obxecto destas bases.

.- Fotocopia compulsada dos documentos acreditativos dos méritos alegados para a súa valoración na fase de concurso (esta documentación non será excluínte para a confección da lista provisional de admitidos e excluídos).

QUINTA.- ADMISIÓN DE SOLICITUDES

1.- Rematado o prazo para presentar as instancias, o Alcalde ditará resolución comprensiva que conterá:

- a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as coa especificación do motivo de exclusión.

- a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución.

- a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos, e a fase de oposición.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Mondoñedo (<https://mondonedo.sedelectronica.gal>).

2.- Durante un día hábil seguinte á publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, unicamente os/as excluídos/as poderán solicitar reclamacións á lista provisional. Quen non presentara a reclamación no prazo indicado, decaerá do seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

3.- As reclamacións formuladas en prazo serán aceptadas ou rexeitadas mediante Resolución pública de Alcaldía, no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4.- Porén, se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión, esta considerárase defecto insubsanable e a alcaldía resolverá a dita exclusión.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador e suplentes serán designados polo Sr. Alcalde-Presidente mediante resolución.

O tribunal estará integrado polos seguintes membros atendendo á paridade entre home e muller:

Presidente: Un empregado público. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación ou empregado público en quen delegue. Con voz e sen voto.

Vogais: tres empregados públicos. Con voz e voto.

O Tribunal Cualificador deberá constituírse na data que designe o Sr. Alcalde, entendéndose validamente constituído cando asista a maioría absoluta dos membros titulares ou suplentes e sempre a do Presidente e o Secretario.

Os membros do Tribunal, posuirán titulación ou especialización de grao igual ou superior ao esixido para acceder ao emprego.

Na sesión constitutiva adoptaranse as decisións pertinentes para o correcto desenvolvemento do proceso. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Os acordos serán adoptados pola maioría simple dos asistentes con voz e voto, dirimindo os empates o voto de calidade do presidente.

Cada tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas, con voz e sen voto, limitándose os asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir, comunicándolle á Alcaldía cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real Decreto 634/1995, de 10 de marzo, do regulamente xeral de ingreso.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do tribunal cando, ao seu xuízo, concorran neles algunha das circunstancias previstas no parágrafo anterior, conforme ó artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA.—SISTEMA DE SELECCION E CUALIFICACION

O sistema de selección será de **CONCURSO-OPOSICIÓN**. A puntuación máxima que se pode acadar é a de 10 puntos.

FASE DE CONCURSO: Valoración de Méritos, valorarase ata un máximo de dous puntos (2 puntos).

A tal efecto o Tribunal reunirase para examinar e valorar a documentación presentada polos aspirantes e cualificar os méritos alegados, de acordo co baremo contido nas bases específicas, na Casa do Concello.

A cualificación dos méritos realizarase de acordo co baremo seguinte:

A) OUTRA FORMACIÓN

Cursos ou outra formación.- Por cada curso, directamente relacionado coas funcións propias do emprego a que se opta realizados nas Administracións Públicas, Escolas de Administración Pública, Universidades, Inem, organizacións sindicais, colexios profesionais, así como os cursos homologados que teñan informe favorable da Comisión da Formación Continua da Comunidade Autónoma de Galicia :

- Cursos de duración inferior a 10 horas non se baremarán.
- Cursos de 10 horas ata 25 horas: 0,02 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,15 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 300 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 300 horas: 0,25 puntos.

Neste subapartado presentárase o diploma orixinal (ou fotocopia compulsada) ou certificado (ou fotocopia compulsada) expedido pola organización da actividade. No mesmo deberá constar o número de horas. Se das características do diploma, en base á súa duración ou datos similares pode deducirse que supera as dez horas, o tribunal poderá computalos como pertencentes ao suposto de 10 ata 25 horas. Os cursos que, a xuízo do Tribunal, non estean debidamente acreditados ou non teñan relación coas funcións propias do emprego, non serán puntuados.

A puntuación máxima que se pode acadar no apartado de formación será de **2 puntos**.

FASE DE OPOSICIÓN: Valorarase ata un máximo de oito puntos (8 puntos). Proba obrigatoria e eliminatoria. **Os candidatos que non superen esta fase resultarán non aptos.**

A fase de oposición constará da realización da seguinte proba física:

PROBA ESPECÍFICA DE SOCORRISMO

- 50 m. RESCATE DO MANIQUÍ

Zambullirse de cabeza , 25 m de nado estilo libre, recoller o maniquí do fondo da piscina na súa parte máis profunda e remolcalo 25 m sen que a auga pase por encima da súa cara.

Para obter a puntuación de APTO será necesario realizar a proba no tempo límite de 2'00".

TEMPO EN REALIZAR A PROBA	PUNTUACIÓN
45" ou menos	8 ptos.
Entre 46" y 47"	6 ptos.
Entre 48" y 49"	5,5 ptos.
Entre 50" y 51"	5,0 ptos.
Entre 52" y 53"	4,5 ptos.
Entre 54" y 55"	4 ptos.
Entre 56" y 57"	3,5 ptos.
Entre 58" y 59	3 ptos.
Entre 60" y 61"	2,5 ptos.
Entre 62" 63"	2 ptos.
Entre 64" y 67"	1,50 ptos.
Entre 67" e 120"	1 pto.

PROBA DE GALEGO:

Será obrigatorio a superación dun segundo exercicio, proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de Celga 2, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto lexislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de apto.

OITAVA.—PUBLICACIÓN DE RESULTADOS E LISTAXE DE RESERVAS

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de concurso (valoración de méritos) e de oposición, establecendo a orde definitiva de aspirantes aprobados, publicando no taboleiro de anuncios a dita puntuación do proceso selectivo.

En caso de empate o desempate realizarase en base á maior puntuación obtida no exercicio de oposición. De persistir o empate, este dirimirase, con base na maior puntuación obtida no apartado de outra formación. Por último, se fose necesario, en base á orde alfabética dos apelidos, polo que se sorteará o día da fase de oposición, a primeira letra a partir da que se realizará o citado desempate.

O Tribunal realizará unha proposta de resolución para o seu nomeamento ao candidato/a que máis puntuación obtivese, non podendo declarar que superou a selección un número de aspirantes superior ao número de empregos convocados.

Os restantes candidatos, pola orde de puntuación obtida, poderán ser contratados no caso de que o/a seleccionado/a non asine o contrato no prazo que se lle sinala ou ben renuncie ao emprego.

Confeccionarase unha listaxe de reservas pola orde decrecente de puntuación para cubrir as posibles baixas xurdidas durante o período de contratación.

NOVENA.—APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

Os/As aspirantes propostos/as presentarán na Secretaría do Concello, nos dous días hábiles seguintes ao da publicación da lista de aprobados, no caso de non habelos aportado con anterioridade, os seguintes documentos:

a) Informe de situación administrativa ou documento análogo do Servizo Público de Emprego de Galicia que acredite que é demandante non ocupado e está dispoñible para o emprego.

b) Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das súas funcións.

Se o aspirante proposto tivese a condición de discapacitado acreditaraa mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións do emprego.

c) Fotocopia compulsada da titulación esixida para exercer como socorrista.

d) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

e) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

f) Certificado ou declaración baixo xuramento de non estar condenado mediante sentenza firme por delitos de índole sexual.

Se no prazo sinalado, salvo os casos de forza maior, os/as aspirantes non presentasen a documentación esixida, non se poderá formalizar o contrato, quedando anuladas todas as actuacións sen prexuízo das responsabilidades en que se puidera incurrir por falsidade. Neste caso formularase proposta de nomeamento a favor do seguinte da listaxe.

DÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Presentada a documentación sinalada no apartado anterior o Presidente da Corporación, ditará resolución e formalizará o contrato laboral a favor das persoas propostas polo Tribunal no prazo máximo de dez días hábiles a contar dende a data en que remate o prazo de presentación dos documentos citados na base anterior.

DÉCIMO PRIMEIRA.— RECURSOS

Contra a presente convocatoria, as súas bases e os actos de aplicación desta, poderá interpoñerse optativamente un dos seguintes recursos:

- Recurso de reposición ante o mesmo órgano autor do acto, no prazo de un mes, a partir do día seguinte ao da súa notificación ou publicación do acto ou acordo.

- Recurso Contencioso-Administrativo ante os órganos da orde xurisdiccional contencioso-administrativo que correspondan, consonte ao disposto nos artigos 8, 10 e 13 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de DOUS MESES contados dende o día seguinte ao da publicación do acto ou acordo, en harmonía co establecido no artigo 46 da devandita Lei.

DÉCIMO SEGUNDA.—NORMA FINAL.

O Tribunal queda facultado para interpretar as Bases da Convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación, e poderá adoptar os acordos necesarios procurando a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a....., con DNI.....
nado/-a(data nacemento), veciño/-a de.....,
con enderezo en.....,
CP..... Concelloteléfono.....
e correo electrónico

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para cubrir a contratación laboral temporal de 2 socorristas, de conformidade coa convocatoria aprobada pola Resolución de Alcaldía do 12 de xuño de 2025.

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nestas.

Que non estou incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade, nin padezo enfermidade ou defecto físico/psíquico que me impida o desempeño deste emprego.

Así mesmo, declaro que non estou separado/a do servizo de ningunha Administración Pública por expediente disciplinario, nin inhabilitado/a por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados: (relación de documentación esixida e de méritos alegados):

Por tanto, SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o emprego anteriormente indicado.

Mondoñedo,..... de de 2025

(sinatura)

SR. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MONDOÑEDO (LUGO)”

Mondoñedo, 12 de xuño de 2025.- O Alcalde-Presidente, Manuel Ángel Otero Legide.

R. 1675

AS NOGAIS

Anuncio

O Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 5 de xuño de 2025, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos 10/2025 (expediente 157/2025) na modalidade de transferencia de crédito entre distinta área de gasto, o que se publica aos efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo. O citado acordo plenario quedará elevado automaticamente a definitivo de non presentarse reclamación algunha no prazo de exposición ao público.

As Nogais, 9 de xuño de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1642

Anuncio

Mediante resolución de Alcaldía do 12 de xuño de 2025 aprobáronse as bases específicas para a selección e posterior contratación para a formación de unha brigada de prevención e defensa contra incendios así como tres traballadores para actuacións de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Medio Rural e o Concello de As Nogais para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de medios de prevención e defensa, para os seguintes postos:

-1 xefe de brigada

-1 peón-conductor

-3 peóns de brigada

-3conductores de motobomba

Duración do Contrato: tres meses.

Prazo de presentación de solicitudes: nos cinco días hábiles seguintes ao da publicación deste anuncio de convocatoria no BOP, no Rexistro Xeral do Concello en horario de 8.30 a 14.30 horas, de luns a venres e tamén se poderán remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido nas bases.

Máis información nas bases específicas da convocatoria que poderán ser consultadas na sede electrónica do Concello (<https://concelloasnogais.sedelectronica.gal>) e no taboleiro de edictos do Concello de As Nogais.

Este proceso selectivo está exento de taxas.

As Nogais, 12 de xuño de 2025.- O Alcalde, Jesús Manuel Núñez Díaz.

R. 1676

O PÁRAMO

Anuncio

CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DA BOLSA DE EMPREGO PARA TRABALLADOR/A SOCIAL

Por Resolución de Alcaldía de data 11.06.2025, aprobáronse a convocatoria e as bases para a constitución da bolsa de emprego temporal para TRABALLADOR/A SOCIAL.

Ábrese o prazo de presentación de solicitudes, que será de 5 días hábiles a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Procedemento de selección: segundo o establecido nas bases que se atopan a disposición dos interesados/as nas oficinas municipais e na sede electrónica do Concello do Páramo <https://concellodeparamo.sedelectronica.gal>

O Páramo, 11 de xuño de 2025.- O Alcalde, P.D. O 1º Tte. Alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1665

POL

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía, de data 6 de xuño de 2025, procedeuse á aprobación do Padrón do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes de maio de 2025, que se expón ao público polo prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación, ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes.

Dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos, ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Pol, 6 de xuño de 2025.- O alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 1643

RIBAS DE SIL

Anuncio

Ficou definitivamente aprobado polo Pleno deste concello o orzamento para o exercicio económico de 2025, por acordo adoptado na sesión que tivo lugar o día 9 de maio de 2025, en cumprimento do que dispón o artigo 169.3 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, faise público que o devandito orzamento ascende, tanto en gastos como en ingresos, á contía de **1.490.000,00** Euros, correspondéndolle a cada capítulo as cantidades que a continuación se expresan, segundo o seguinte detalle:

CAP	ESTADO DE GASTOS	IMPORTE
Capítulo 1: Gastos de persoal		671.195,84
Capítulo 2: Compra de bens e servizos		441.036,09
Capítulo 3: Gastos financeiros		4.000,00
Capítulo 4: Transferencias correntes		41.700,00
Capítulo 5: Fondo de Continxencia		0,00
Capítulo 6: Inversións reais		332.068,07
Capítulo 7: Transferencias de capital		0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros		0,00
TOTAL		1.490.000,00

CAP	ESTADO DE INGRESOS	IMPORTE
Capítulo 1: Imposto Directos		417.000,00
Capítulo 2: Imposto Indirectos		5.000,00
Capítulo 3: Taxas e outros ingresos		111.288,46
Capítulo 4: Transferencias correntes		584.094,28
Capítulo 5: Ingresos patrimoniais		2.500,00
Capítulo 6: Enaxenación de inversións		0,00

Capítulo 7: Transferencias de capital	257.884,12
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00
TOTAL	1.490.000,00

Na referida sesión, tamén se acordou aprobar o cadro de persoal desta Corporación que, de acordo co que preceptúa o artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, se reproduce a continuación:

A) FUNCIONARIOS DE CARREIRA.- Denominación da Praza; nº. de prazas; grupo; nivel de C. de Destino; situación

- Secretario - Interventor; 1; A1; 27/28; cuberta en acumulación.
- Administrativo; 1; C1; 21; vacante.
- Auxiliar – Administrativo/Responsable contabilidade; 1; C1/C2; 18/19; ocupado en propiedade.

B) PERSONAL LABORAL FIXO.- Denominación do Posto; nº. de postos; situación.

- Arquitecta Asesora Municipal; 1.
- Técnica Xestión e Emprego/ Responsable de xestión administrativa persoal, emprego e subvencións; 1.
- Traballadora Social/Coordinadora de Servizos Sociais; 1.
- Auxiliar de axuda no fogar; 7.
- Limpadora; 1.
- Oficiais 1ª servizos múltiples/Oficial 1ª condutor/Oficial 1ª emerxencias e seguridade; 3, temporal/proceso estabilización emprego.

De acordo co preceptuado no artigo 75 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local faise constar a asignación nos orzamentos das seguintes retribucións, indemnizacións e asistencias dos membros da Corporación:

1º.- Membros da Corporación con dedicación:

A Concelleira de Xuventude, dedicación parcial que ascende a 1000,00 € brutos mensuais en 14 pagas ao ano.

A concelleira de Servizos Sociais, dedicación parcial que ascende a 500,00 € brutos mensuais en 14 pagas ao ano.

Ribas de Sil, 11 de xuño de 2025.- O Alcalde, Roberto Castro González.

R. 1666

SAMOS

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 06/06/2025 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal nº 32 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de vivendas comunitarias I e II da 3ª idade de Samos

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 9 de xuño de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 1645

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 06/06/2025 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal nº 33 reguladora do prezo público pola prestación do servizo de apartamento tutelado para persoas con discapacidade de Samos

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 9 de xuño de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 1646

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 06/06/2025 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 9 de xuño de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 1647

Anuncio

O Pleno do Concello de Samos, en sesión *ordinaria* celebrada o día 06/06/2025 acordou a aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

E en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de trinta días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Samos, 9 de xuño de 2025.- A alcaldesa, María Jesús López López.

R. 1648

VILALBA*Anuncio***Oferta de emprego público do Concello de Vilalba para o ano 2025****Expte. 1679/2025**

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vilalba, en sesión celebrada o día 9 de xuño de 2025, acordaba aprobar a oferta de emprego público ordinaria correspondente ao ano 2025 no ámbito do Concello de Vilalba, coa seguinte relación de prazas ofertadas:

PERSOAL FUNCIONARIO

DENOMINACIÓN DO POSTO	ESCALA	SUBESCALA	GRUPO DE CLASIFICACIÓN PROFESIONAL	CD	SISTEMA DE ACCESO
ARQUITECTO TÉCNICO URBANISMO	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	A2	26	CONCURSO-OPOSICIÓN
POLICÍA LOCAL	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	SERVIZOS ESPECIAIS/ POLICÍA LOCAL. ESCALA BÁSICA	C1	18	MOBILIDADE
TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE	ADMINISTRACIÓN ESPECIAL	TÉCNICA	A2	26	CONCURSO-OPOSICIÓN

PERSOAL LABORAL ASIMILADO A FUNCIONARIO

POSTO/PRAZA	GRUPO FUNCIONARIAL DE EQUIVALENCIA (Art. 80.2 Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vilalba)	CD	SISTEMA DE ACCESO
ALBANEL	C2	18	CONTRATO DE RELEVO

De conformidade coa parte dispositiva do referido acordo, e en cumprimento do disposto no artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, procédese á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Vilalba, 9 de xuño de 2025.- A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1649

VIVEIRO

Anuncio

Formulada la Cuenta General del Presupuesto de este Ayuntamiento correspondiente al ejercicio 2024 y dictaminada por la Comisión Especial de Cuentas en sesión celebrada el día 10 de junio de 2025, se expone al público por el plazo de quince días hábiles, contados a partir del siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la Provincia, al objeto de que los interesados legítimos puedan examinarlas y formular por escrito los reparos y observaciones que estimen pertinentes durante el plazo indicado, de conformidad con lo preceptuado en el artículo 212.3 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales.

Viveiro, 12 de junio de 2025.- La Alcaldesa, María Carmen Gueimunde González.

R. 1677